



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 8/2023, DO
DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo ás quince horas e seis minutos do martes día 5 de setembro de 2023, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 31.08.2023, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

- 1. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 6/2023 por importe total de 10.749,76 €.**
- 2. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 3/2023 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 40.000 €.**

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 6/2023 por importe total de 10.749,76 €.**

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de Alcaldía de data trinta e un de agosto do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“En relación co expediente de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 6/2023, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Examinada a relación de xustificantes de gasto núm. 2023 24 que se recolle no listado que se adxunta, comprobouse que corresponde a prestacións realizadas correctamente en exercicios anteriores, polo que procedería o recoñecemento das obrigacións económicas delas derivadas, así como o seu posterior pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida pola Alcaldesa-Pedánea con data 31 de agosto de 2023.

Posto que se trata de obras e servizos recibidos en exercicios anteriores, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2023.

SEGUNDO. – Que mediante providencia de Alcaldía-Pedanía de 31 de agosto de 2023 viuse a necesidade de aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

TERCEIRO. – Que con data 31 de agosto de 2023 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Por iso, visto o informe da secretaria-interventora incorporado no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 31 de agosto de 2023, que consta incorporado ao expediente, e **levantar o reparo suspensivo** correspondente, de conformidade co disposto no artigo 216.2 c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL) aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, motivado por omisión de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP).

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 6/2023 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, para o abono das facturas que se integran na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 24 e que se detalla a continuación:

Facturas tramitadas no expte REC 6/2023		
Ano	Núm. Facturas	Importe total (€)
2021	1	2.773,22
2022	3	7.976,54
TOTAL		10.749,76

*** IVE incluído**

TERCEIRO. – Dispoñer, recoñecer e liquidar a obriga correspondente, aplicando, con cargo ao orzamento do exercicio 2023, o correspondente crédito con cargo á aplicación presupostaria indicada na columna do listado que se achega e ordear o pago.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

Atópase no expediente memoria xustificativa da Alcaldía Pedanía, do 31.08.2023:

“ANTECEDENTES DE FEITO:

Visto a presentación de varias facturas correspondentes a exercicios anteriores (2021-2022) para o seu pago nesta entidade.

As citadas facturas do expediente número 2023/24 foron presentadas no exercicio posterior e noutro caso non estaba clara e remitiuse para a súa aclaración.

CONCLUSIÓN:

Polos motivos anteriores citados esta Alcaldía pedanía considera oportuno a tramitación das referidas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto nun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o seu posterior pago.

O expediente de recoñecemento extraxudicial deriva da posibilidade que teñen as entidades locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria, de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, ou de corresponder a exercicios anteriores, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar accións

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

xudiciais correspondentes por parte dos provedores que serían estimadas en base a citada teoría do enriquecemento inxusto.

En consecuencia e ante a necesidade de regularizar de modo definitivo as débedas coas referidas empresas, con motivo de ser gastos realizados de servizos anteriores que resulta preciso e obligatorio atender para evitar o prexuízo dos terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto o sen causa desta.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 31.08.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“**Primeira.** – As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foron adquiridas sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, con unha ausencia total do procedemento, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación negocial entre a Entidade Local Menor de Bembrive e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse das citadas actuacións.

Como consecuencia de todo o anterior, procede **fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo** aos gastos incluídos na relación de facturas 2023/24 para o recoñecemento extraxudicial núm. 6/2023, conforme ao disposto nos artigos 216.2 c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais**, que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39 apartado 1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015 (LPACAP), por prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, como consecuencia de non haber tramitado o correspondente procedemento previsto na LCSP.

O citado reparo ten **carácter suspensivo e deberá ser resolto pola Xunta Veciñal** da ELM de Bembrive con carácter previo a aprobación das citadas facturas, de acordo co art. 217 do TRLRFL.

Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigaón ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 42 da LCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración, sen prexuízo, no seu caso, da esixencia de responsabilidades.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

A existencia do procedemento administrativo, neste caso de contratación e de execución orzamentaria, é una garantía de trato de igualdade aos provedores, e de eficiencia e transparencia na xestión pública do gasto, ademais dunha obriga legal.

Terceira. - *Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación orzamentaria correspondente, a súa utilización debe aplicarse con carácter excepcional, correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da ELM de Bembrive.*

Cuarta. - *No expediente constan as facturas correspondentes, memoria da Alcaldesa-Pedánea no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas, así como as dilixencias das mesmas incorporadas nas facturas que conforman o expediente na que expresa a conformidade coas prestacións realizadas que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo.*

Quinta. - *Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoptándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2023 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.*

Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Sexta. - *Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.*

Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da LPAC 39/2015, que recollen a necesidade de

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.

Sétima. - *No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (Área de gasto / Capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.*

Oitava. - *Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitirase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.*

Novena. - *O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa anteriormente citada.”*

.....

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos dos membros presentes (da Sra. Alcaldesa-Pedánea e dos vocais, Sra. González Fernández, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas) e un voto en contra (do Sr. Vila Pereira, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

O Sr. Vila Pereira pide a palabra para explicar o sentido do seu voto xustificando que se está votando contratacións totalmente irregulares, como así o di o informe da secretaria no punto 6 e 7 e no final no apartado de conclusión e que se da a casualidade de que así están catro membros da Corporación deses exercicios 2021 e 2022 e son concedores de que iso está totalmente irregular, pon de manifesto que contratan as obras sen o correspondente informe administrativo que manifesta a secretaria.

Quizá se entra nunha dobre irregularidade porque aínda por encima non teñen presuposto, lévase dende o ano 2014 sen Orzamento. No ano anterior estaban os catro membros e o que estaba antes e non foron capaces de facer uns Orzamentos adecuados para Bembrive e para que salga da situación tan deficiente que ten.

Tampouco entende por qué a secretaria non actúa e dá coñecemento das irregularidades que se están cometendo ao Ministerio Fiscal porque é coñecedora de que todos estes levantamentos e todos eses créditos non proceden ao ser totalmente irregulares.

Insiste en que están traballando cun Orzamento do ano 2014 que según os seus datos oscilaban os ingresos da Entidade Local en 630.000 euros e cree que agora mesmo os

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

ingresos da Entidade Local non chegan nin aos 300.000 euros, en cambio non sabe se vostede (dirixíndose á Alcaldesa) sabe o que se leva gastado ata o primeiro semestre deste ano porque lévanse gastado ata 226.671,12 euros, se os seus datos non fallan e aínda estamos a metade de ano e queda o resto do ano e que van a superar os 300.000 euros que vai ter a ELM e insiste en que teñen que tomar medidas, traballar nun Orzamento para que a Entidade funcione adecuadamente, para que os veciños teñan os servizos adecuados e non haxa un gasto innecesario como se falou no outro pleno de salarios se non hai unha xustificación dese servizo.

A alcaldesa contéstalle que este expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos tivo que facerse, como xa se dixo antes, por varias facturas dos exercicios anteriores que foron presentadas en exercicios posteriores.

Noutro caso, remitiuse á Mancomunidade, xa que nese momento non era alcaldesa e polo tanto tampoco era coñecedora dos traballos realizados porque non era a súa área e non sabía op que fixo o alcalde anterior. De todas formas, requeriulle á Mancomunidade para que detallara ditos traballos e advertiulle para que iso non se volva a repetir e tense que ceñir ao presuposto fixado, que neste caso era polo Plan de Emprego do Concello de Vigo e polo Orzamento di que non se preocupe que xa bastante están traballando para que isto vaia ben.

O Sr. Vila Pereira insiste en que os procedementos son irregulares.

.....

2. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 3/2023 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 40.000 €.

Dase conta di informe-proposta de resolución de data 31.08.2023 co seguinte contido:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da Providencia de Alcaldía con data do 31.08.2023, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembrive

PRIMEIRO. Mediante Providencia de Alcaldía con data do 31.08.2023 incoouse expediente para a redución de gastos do Orzamento en vigor, mediante a modalidade de transferencia de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a distinta área de gasto.

SEGUNDO. Con data 31.08.2023 emitíuse certificado sobre a dispoñibilidade de créditos a minorar (RC núm. 2023 22000653 por 40.000 €)

TERCEIRO. Con data 31.08.2023, emitíuse informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento para seguir en relación con este asunto.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).
- Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.
- Artigo 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).
- Artigo 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 28. j) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 4.1. b). 2º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Base 10 de execución do Orzamento desta Entidade Local para 2023 (prorrogado do 2014).

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



Entidade Local Menor de Bembridge

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, xa que logo, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte,

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. - Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3/2023, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como se indica de seguido:

Aplicacións de Gastos

DA APLICACIÓN	IMPORTE	ÁS APLICACIÓNS	IMPORTE
16.21. Benestar comunitario. Reparacións, mantemento e conservación.	- 40.000	920.220. Administración xeral. Material de oficina.	+ 2.000
		920.221. Administración xeral. Subministrados.	+ 7.500
		920.222. Administración xeral. Comunicacións.	+ 6.000
		920.226. Administración xeral. Gastos diversos.	+ 2.000
		920.227. Administración xeral. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	+ 15.000
		920.233. Administración xeral. Outras indemnizacións.	+ 7.500
TOTAIS	- 40.000	TOTAIS	+ 40.000

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos desta Entidade Local e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, polo prazo de quince días, durante os cales os solicitados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da



Entidade Local Menor de Bembrive

Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, a Xunta Veciñal dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....
O día 31.08.2023 emitiuse informe favorable por parte da secretaría intervención.

.....
ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor dos membros presentes (da Sra. Alcaldesa-Pedánea e dos vocais, Sra. González Fernández, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas) e un voto en contra (do Sr. Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

.....
O Sr. Vila Pereira pide a palabra para explicar o sentido do seu voto para dicir que si houbera Orzamento non se tiña que facer transferencias, o cal tamén manifesta a secretaria e interventora no seu informe e reclama que hai que traballar para elaborar o Orzamento, presentar contas e optar a subvencións para xerar capacidade económica e así realizar as cousas que se teñen que realizar en Bembrive que son bastantes porque hai un abandono total.

A alcaldesa-pedánea di que están traballando niso e que xa o saben todos, que teñen que pedir subvencións e que si non se puideron cerrar os anos foi debido a todos os procedementos xudiciais e que se contratou unha empresa para que iso se agilice e insiste en que xa están traballando, aínda que él diga o contrario.

O Sr. Vila Pereira di que él solo o recalca.

A alcaldesa-pedánea continúa explicando que a consignación orzamentaria chegaba de sobra pero que se viron na obrigaçión de levar a cabo a modificación de crédito porque se tivo que facer frente a varias facturas de defensa xudicial, procuradora, etc... de procedementos xudiciais de anteriores corporacións que non estaban contempladas no Orzamento polo que insiste en que tampoco é cousa deles, que manda a xustiza e hai que pagalas.

O Sr. Vila Pereira recorda que as actuacións que están facendo e os levantamentos de crédito se están incorrendo no que fixeron eles.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2023, do 05.09.2023



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

A alcaldesa dille ao Sr. Vila Pereira que entónces vai a ter que renunciar a súa parte porque senón non cobra, ao que o Sr. Vila contesta que él non ten ningún problema e que por él renuncia.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 15:20 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea

Asdo. Patricia Otero Carrera



A Secretaria-Interventora

Asdo. Patricia Alvarellos Leis